



## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

### **Asunto: CONVOCATORIA DA COMISIÓN SELECCIONADORA E BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA TEMPORAL DE TRES POSTOS DE AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR**

Vista Resolución de Alcaldía núm. 167/2020 de data 26 de marzo de 2020 pola que se aproba a composición da bolsa de traballo para realizar contratacións laborais temporais ou nomeamentos interinos como Auxiliar de Axuda no Fogar.

Visto informe asinado pola Traballadora Social de data 29/06/2023, advertindo da grave situación na que se atopan o Servizo de axuda no fogar debido ás numerosas baixas das traballadoras deste servizo.

Vista a última Dilixencia da AEDL de data 21/06/2023 onde se reflicte que na bolsa de emprego en vigor neste momento, non existe ningunha persoa dispoñible para ocupar os postos de Auxiliar de axuda no fogar.

Tendo en conta que xa está iniciado un expediente para a formación dunha nova Bolsa de Auxiliares de axuda no fogar, tendo en conta que a bolsa que está en vigor na actualidade resulta xa insuficiente para facer fronte a un servizo no que se producen continuas baixas por enfermidade e vacacións das traballadoras municipais que desenvollean este traballo.

Tendo en conta que este servizo é esencial para moitas familias e todos os usuarios deben ter a cobertura necesaria e as dificultades actuais para a cobertura das baixas existentes e esgotadas todas as posibilidades para atopar persoal

Entre os candidatos que cumpran eses requisitos compre facer unha selección para acreditar o cumprimento dos principios de mérito, capacidade e igualdade establecidos na Constitución e no artigo 55 do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 7/2007.

Polo exposto, **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Entre os candidatos proporcionados polo Servizo Público de Emprego aplicaranse uns criterios de selección conforme ás seguintes:

### **BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA PARA A CONTRATACIÓN DE TRES AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR COMO A XORNADA COMPLETA.**

#### **PRIMEIRA.– Obxecto da convocatoria.**

Esta convocatoria ten por obxecto a selección de tres Auxiliares de Axuda no Fogar, a xornada completa, para a substitución das traballadoras que se atopa de baixa por IT, ata a súa reincorporación.

#### **SEGUNDA.– Retribucións**

As retribucións serán as que figuran na "Táboa salarial do persoal laboral do Concello de Cedeira para o exercicio económico en vigor" para "limpadores, monitores sen titulacións, outro persoal subalterno, auxiliares de axuda no fogar e outros non titulados".

#### **TERCEIRA.–Requisitos dos aspirantes.**

Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos á data na que remate o prazo de presentación de solicitudes:

a).-Ser de nacionalidade española, nacional dun Estado membro da Unión Europea, cónxuge dun español ou dun nacional dun Estado membro de Unión Europea non separado de dereito, ou estranxeiro con residencia legal en España.



- b).-Ter cumpridos os 16 anos de idade.
- c).- Posuír permiso de condución B1 e dispoñibilidade dun vehículo para desprazarse polo concello.
- d).- Non ter enfermidade ou eiva física ou psíquica que impida ou sexa incompatible co normal desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que se opta. As persoas con algunha discapacidade deberán facelo constar na súa solicitude, sinalando se precisan de adaptación para realizar as probas. A condición de minusválido e a súa compatibilidade acreditaranse con certificación da Delegación Provincial de Sanidade e Servizos Sociais.
- e).-Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
- f).-Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo da Administración do Estado, Comunidade Autónoma ou das Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- g).-Conforme ao establecido na Orde de 19 de novembro de 2018 pola que se regula o procedemento de obtención das habilitacións para profesionais pertencentes ás categorías de persoal coidador, xerocultor, auxiliar de axuda no fogar e asistente /a persoal nos centros e servizos sociais do Sistema para a autonomía e atención á dependencia, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia no seu artigo 2.2, de conformidade co Acordo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a autonomía e atención á dependencia do 19 de outubro de 2017, as persoas aspirantes deberán acreditar a cualificación profesional de Atención Sociosanitaria a persoas no domicilio, establecida polo Real decreto 295/2004, do 20 de febreiro, segundo determínase na normativa que a desenvolve. A tal efecto, consideraranse os seguintes títulos e certificados:

- O título de técnico/a en Cuidados Auxiliares de Enfermaría establecido polo Real decreto 546/1995, do 7 de abril, ou os títulos equivalentes de técnico/a Auxiliar Clínica, técnico/a Auxiliar Psiquiatría e técnico/a Auxiliar de Enfermaría que se establecen no Real decreto 777/1998, do 30 de abril, ou no seu caso, calquera outro título que se publique cos mesmos efectos profesionais.
- O título de técnico/a en Atención a Persoas en Situación de Dependencia, regulado polo Real decreto 1593/2011, do 4 de novembro, ou o título equivalente de técnico/a de Atención Sociosanitaria, establecido polo Real decreto 496/2003, do 2 de maio, ou no seu caso, calquera outro título que se publique cos mesmos efectos profesionais.
- O título de técnico/a superior en Integración Social, establecido polo Real decreto 1074/2012, do 13 de xullo, ou o título equivalente de técnico/a superior en Integración Social establecido no Real decreto 2061/1995, do 22 de decembro, para aqueles profesionais que á data de publicación do dito Acordo do 19 de outubro de 2017, se atopan traballando na categoría profesional de asistente/a persoal ou auxiliar de axuda no fogar.
- O certificado de profesionalidade de Atención Sociosanitaria a Persoas Dependentes en Institucións Sociais, regulado polo Real decreto 1379/2008, do 1 de agosto, ou no seu caso, calquera outro certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais.
- O certificado de profesionalidade de Atención Sociosanitaria a Persoas no Domicilio, regulado polo Real decreto 1379/2008, do 1 de agosto, ou o equivalente certificado de profesionalidade da ocupación de auxiliar de axuda no Fogar, regulado no Real decreto 331/1997, do 7 de marzo, ou no seu caso, calquera outro certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais.
- Sen prexuízo da posibilidade de obtención de habilitación excepcional ou provisional á que se fai referencia na citada Orde nos artigos 13 e 23, e que obteñan aquelas persoas que, sen dispoñer da cualificación profesional correspondente á súa categoría profesional, realizen traballos nos centros e servizos do Sistema para a autonomía persoal e atención á dependencia, radicados na Comunidade autónma de Galicia, na categoría de auxiliar de axuda no fogar, entre outras, con efectos en todo o territorio do Estado e un período de validez que finalizará o 31 de decembro de 2022, no caso da habilitación provisional.

#### CUARTA.– Procedemento de selección e desenvolvemento das probas.

A selección levarase a cabo polo sistema de oposición.-

A Comisión seleccionadora realizará un **exame tipo test** coa finalidade de avaliar os coñecementos da persoa candidata ao posto de traballo en materia do SAF.



O test consistirá en contestar a un cuestionario composto por 30 preguntas sobre o temario que figura como Anexo II das presentes bases, con catro respostas alternativas, sendo unicamente unha delas a correcta. O tempo máximo para a realización deste exercicio será de trinta minutos. Cada resposta correcta puntuarase con 1 punto, e por cada resposta errada descontaranse 0,25 puntos. As respostas en branco non penalizarán. O exercicio se valorará cun máximo de 30 puntos. Para superar esta proba deberase alcanzar unha puntuación mínima de 15 puntos.

### **Coñecemento da lingua galega:**

Consistirá en realizar unha proba escrita de coñecemento do idioma galego. O/as aspirantes deberán traducir un texto, facilitado polo tribunal, sen axuda de dicionario, de castelán a galego, e outro de galego a castelán. Esta proba terá unha duración de 30 minutos e cualificarase con 1 punto como máximo, quedando eliminados/as os/as aspirantes que non acaden a cualificación de 0,5 puntos.

Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que teñan acreditado o coñecemento da lingua galega mediante a presentación do correspondente certificado de aptitude do curso de perfeccionamento da lingua galega ou CELGA 2, 3 ou 4 dentro do prazo de presentación de instancias e puntuarase do seguinte xeito:

- a) Por estar en posesión de titulación acreditativa do Celga 2 ou equivalente segundo validacións oficialmente establecidas: 0,5 puntos.
- b) Por estar en posesión de titulación acreditativa do Celga 3 ou equivalente segundo validacións oficialmente establecidas: 0,75 punto
- c) Por estar en posesión de titulación acreditativa do Celga 4 ou superior ou equivalente segundo validacións oficialmente establecidas: 1 punto

### **QUINTA.–Adaptacións para persoas con minusvalía.**

Na proba selectiva establecerase para as persoas con minusvalía que o soliciten expresamente na súa instancia, as adaptacións posibles de tempo e medios para a realización das probas, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes.

Os/as aspirantes que fagan valer a súa condición de persoa con discapacidade deberán presentar certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo de compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

Será o órgano de selección o que determine o contido e alcance das adaptacións solicitadas. Para a concesión ou denegación das solicitudes de adaptación, terase en conta que as mesmas non deberán desvirtuar o contido do exercicio, nin implicar a redución nin menoscabo do nivel de suficiencia esixible para superar o proceso selectivo. Para a adaptación de tempos estarase a Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño pola que se establecen criterios xerais para adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade e normativa de concordante aplicación. Os órganos de selección poderán requirir informe e, de ser o caso, colaboración dos órganos técnicos competentes da administración laboral ou sanitaria da Xunta de Galicia

### **SEXTA.– Cualificación final e nomeamento.**

A cualificación final das persoas aspirantes establecerase en función das puntuacións obtidas na fase de oposición, publicándose o resultado por orde de maior a menor puntuación.

No caso de empate das puntuacións de dous ou máis aspirantes, este resolverase por sorteo público.

Seguidamente o Tribunal de selección elevará dita relación, xunto coas actas dos procesos selectivos, á Alcaldía co obxecto de proceder á formalización da correspondente contratación.



## ANEXO I

### Temario

TEMA 1.- O SAF: Marco xurídico e competencial. Aspectos xerais. Equipo de atención Domiciliaria. Funcións, normas de actuación e perfil profesional do Auxiliar.

TEMA 2.- LIMPEZA E COIDADADO DO FOGAR.

TEMA 3.- ALIMENTACIÓN E NUTRICIÓN.

TEMA 4.- ASEO, HIXIENE E CUIDADOS BÁSICOS.

**Segundo.-** A comisión seleccionadora estará formada por:

**PRESIDENTE:**

Benigno Pérez García

**SECRETARIO:**

Montserrat Pérez Garrote

**VOGAIS:**

Ana Velo Ruiz

Bernardo Pérez Fernández

Casimiro García García

**PERSOAL ASESOR:**

Rubén Carrillo Vázquez

**PERSOAL COLABORADOR:**

M<sup>a</sup> Ángeles Rodríguez Martínez

**Terceiro-** No taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello e Sede Electrónica publicaranse as bases íntegras do proceso selectivo e os sucesivos anuncios así como os resultados do proceso de selección.

En Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde Pablo Diego Moreda Gil, do que eu, Ana Velo Ruiz, como Secretaria, dou fe.